

OS TRES BANDIDOS

Texto e ilustracións de TOMI UNGERER

Tradución de DOLORES ROMAY CALVO

Encadernado en cartón. 20 x 28 cm. 48 páx. 16 €

PREMIO ANDERSEN 1998

PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL PORTUGAL)

Os tres bandidos (galego)

ISBN 978-84-8464-620-4. Álbum ilustrado. Tras os montes.

Los tres bandidos (castelán)

ISBN 978-84-96388-56-7. Álbum ilustrado. Clásicos contemporáneos.

Els tres bandits (català)

ISBN 978-84-8464-551-1. Àlbum iIllustrat. Clàssics contemporanis.

Hiru bidelapurak (euskara)

ISBN 978-84-1343-135-2. Album irudidunak. Gaur egungo klasikoak.

Os três bandidos (português)

ISBN 978-972-8781-67-5. Álbum ilustrado. Clássicos contemporâneos.

*Había unha vez tres feroces bandidos que sempre levaban
capas negras e chapeus negros.*

O primeiro tiña un trabuco.

O segundo tiña un fol cheo de pementa.


O terceiro, unha enorme machada vermella.

Cando escurecía, poñíanse a espreitar á beira do camiño...

«Os tres bandidos», cunha edición fiel á obra orixinal de 1961, é un clásico da Literatura Infantil traducido a máis de 30 linguas. Moitas xeracións de nenas e nenos medraron coa historia destes peculiares personaxes, caracterizados con orixinais vestimentas e cun atípico instrumental para cometer falcatuadas.

O relato destaca polo seu carácter descritivo, a orde narrativa das accións e a sinxeleza coa que Tomi Ungerer guía os lectores. As ilustracións axudan á comprensión da historia: o contraste cromático, a expresividade de cada escena e o aspecto enigmático dos bandidos son os elementos máis salientables.

Transmite emocións que van dende o medo á tenrura: os bandidos non coñecen outro mundo que non sexa roubar e amedrentar a xente. A irrupción nas súas vidas dunha meniña orfa faralles cambiar de rumbo e comprender que coas riquezas que acumularon poden axudar outros nenos necesitados.



■ **Temática:** medo, xenerosidade.

■ **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.

■ **Aspectos destacables:** clásico da Literatura Infantil e Xuvenil; xogos coas formas dos chapeus; fronteira entre o ben e o mal; introdución a conceptos como a adopción; do autor e ilustrador de «Emilio», «Crictor», «Adelaida», «Rufus, o morcego que adoraba as cores», «Novos amigos», «Isto e aquilo» e «Non stop» (KALANDRAKA).

■ **Avance do libro:**

https://issuu.com/kalandraka.com/docs/os-tres-bandidos-g_05c18faa134895

Tomi Ungerer

(Estrasburgo, 1931)

O ambiente bélico dos seus primeiros debuxos reflectía o seu rexeitamento á guerra e ao fascismo. En 1956 emigrou a Nova York, onde comezou a escribir libros infantís que tiveron moito éxito. Publicou en medios tan importantes como The New Yorker, Esquire, Life Show ou Fortune. Xa no cumio da súa carreira durante os anos 60, Ungerer plasmou na súa obra a súa reacción contra a hipocresía e a superficialidade da sociedade americana. Mudouse a unha granxa en Canadá e a finais dos 70 trasladouse a Irlanda coa súa familia. A súa produción, que abrangue catro décadas de creación, calcúlase entre 30.000 e 40.000 traballos de diferentes estilos, e máis de 120 libros. Entre outros galardóns, recibiu a Medalla de Ouro da Sociedade de Ilustradores e o Premio Hans Christian Andersen en 1998. Ademais de debuxante, tamén desenvolveu outra faceta como filántropo, colaborando en causas humanitarias.

<http://www.tomiungerer.com>

<https://int.musees.strasbourg.eu/es/musee-tomi-ungerer>



www. **kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com